



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/43	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de setembro de 2017
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:51 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SI
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 4 e 11 de setembro de 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 4 e 11 de setembro de 2017.

Expediente 4767/2017. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M. F. Á. de sinalización na Pedra Alta (rúa sen saída), a Xunta de Goberno Local acorda que polo Departamento de Sinalización se estude a viabilidade da sinalización solicitada porque a titularidade da referida rúa é privada.

Expediente 5704/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (5.704/17).- Outorgar licenza de obras provisional a "A AS MIANS SL", con enderezo en Agualevada, nº 1- Coiro, para acceso a súa nave industrial desde a Estrada PO-551, PK 15+100 da marxe dereito, segundo o proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, de data febreiro de 2017 e de conformidade cas condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 9 de maio de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil noventa euros con corenta e tres céntimos (7.090,43 €).

A eficacia da licenza queda condicionada á inscrición no Rexistro da Propiedade das condicións aceptadas polo propietario dos terreos na acta de comparecencia asinada o 5 de setembro de 2017 e o cumprimento destas.

Expediente 3224/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación



Concello de Cangas

Expediente 455/2017. Licenza urbanística (Expte. nº 25.682)	
Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación

Expediente 5159/2017. Licenza de legalización de obras	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 5159/2017.- A R. G. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Mendiña, con enderezo a efectos de notificacións en Colonia Ciudad dos Periodistas, nº 3-3ºA-28034-Madrid, para en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de legalización de porche executado en vivenda unifamiliar sita en Mendiña, segundo o proxecto elaborado polo arquitecto Adrián Lamas Arangüena, visado o día 05.07.2017. O presupuesto de execución material ascende a quince mil trescentos dous euros con noventa e seis céntimos (15.302,96 €).</p>	

Expediente 512/2017. Infracción urbanística nº 34/2016 (MARÍA DEL CARMEN RODAS FRAGA)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Expediente núm.: 34/2016-512/2017</p> <p>Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado ao respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Miranda-Coiro, consistentes en realizar o cerramento de predio con bloques e malla de 1,20 metros de alto, delimitando un sendeiro peonil existente de un metro.</p> <p>Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 12 de maio do 2017 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.</p> <p>Resultando que, con data 24 de agosto do 2017 a Inspección de obras deste Concello informa que:</p> <p>“Presentado no lugar comprobo que se executou a demolición ordenada segundo o expediente de reposición da legalidade urbanística nº 512/2017 a nome de C. R. F.”</p> <p>Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados C. R. F., promotora.</p> <p>Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a C. R. F., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución: realizar un cerramento de predio con bloques e malla de 1,20 metros de alto, delimitando un sendeiro peonil existente de un metro, no lugar de Miranda-Coiro.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de reconecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de **QUINCE DÍAS** para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.



Concello de Cangas

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente.

Expediente 5785/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5785/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS INMOBLE GRUPO BARRIO DE NAZARET, con enderezo a efectos de notificacións en Barrio de Nazaret, nº 21-Cangas, para reparación de zonas común e limpeza de cuberta de edificación sita no rererido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil catro euros con catro céntimos (1.004,04 €).

Expediente 5889/2017. Prestación do Servizo de Axuda a Domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:ç

* CONCEDERLLE a C. B. B., con expediente nº 36008/02/000102, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: catrocentos oitenta e catro euros con vinte e dous céntimos (484,22 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)

Achega económica da persoa usuaria: 0 €/mes.

Número de horas: 40 horas.

O SAF iniciarase: 20 de setembro de 2017.

Expediente 917/2017. Ocupación vía pública (José Nores Guerra)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas



Vista a solicitude presentada por J. N. G., na que demanda autorización municipal para a instalación de unha máquina de asar castañas enfronte da Casa da Bola, cunha ocupación de 1,00 m²., desde o período que vai do 22 de setembro do ano que andamos ata o 9 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización ao Sr. N.G. para a instalación de unha máquina de asar castañas enfronte da Casa da Bola, cunha ocupación de 1,00 m²., desde o período que vai do 22 de setembro do ano que andamos ata o 9 de xaneiro de 2018.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Policía Local e Xestión de Ingresos Municipal, para a comprobación da instalación e liquidación das taxas correspondentes pola referida ocupación de vía pública.

Expediente 4573/2017. Aprobación expediente de concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2017 (Urxencia).

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

Visto que se considera conveniente efectuar a convocatoria e concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2017.

Visto que se emitiu informe de Secretaría en data 13 de setembro de 2017 no que se indica a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se incorporaro ao expediente as bases que rexirán a convocatoria para a concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2017.

Malia o disposto no informe de Intervención de data 18 de setembro de 2017 e visto que consta a existencia de crédito.

Examinada a documentación que a achega, vistas as bases elaboradas e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2017, por procedemento de concorrencia competitiva e as bases reguladoras que figuran anexas á presente proposta.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de doce mil euros (12.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 231/48001 do orzamento do Concello de Cangas para o exercicio orzamentario 2017.



TERCEIRO.- Remitir por parte da Intervención á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Expediente 5897/2017. Concesión de axudas do Servizo de comedor escolar curso 2017/2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar con carácter definitivo as axudas do servizo de comedor escolar destinado aos/ás alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2017-2018.

Nº REXISTR O	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME USUARIO/ A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DIAS	BONIFICACION	IMPORTE AXUDA PROPOST A CURSO 2017/2018	RESOLUCION	MOTIVO
9.672	A. V., R. M.	A. V., C. S.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.742	M. F., M.	M. DA M., S. S.M., M.	O HIO FIXA	100%	1.155,00 €	CONCEDIDA	

A modificación da bonificación da axuda concedida a R. M. A. V., ao constar actualmente como solicitante da RISGA.

A Concesión da axuda solicitada por M. M. F. ao completar a documentación requirida.

Que a efectividade das axudas concedidas sexa desde o inicio do curso escolar.

Informa que na proposta do 4 de setembro figuraba que o número de axudas con proposta de concesión eran 24 solicitudes (31 menores) e que a contía total do programa de axudas de comedor escolar ascendía a dezasete mil cento oito euros con cincuenta e dous céntimos (17.108,52 €, cando realmente esta era a previsión total do programa con base nas solicitudes presentadas e tendo en conta a posible resolución favorable do expediente denegado por non achegar toda a documentación económica.

Que os datos reais que deberían haber figurado na proposta do 4 de setembro eran:

Número de axudas con proposta de concesión: 23 solicitudes (29 menores).

Contía total do programa de axudas de comedor escolar: quince mil novecentos trinta e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (15.935,55 €, correspondendo:

- Meses de setembro a novembro de 2017: cinco mil cento noventa e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (5.195,55 €).



Concello de Cangas

- Meses de decembro 2017 a xuño de 2018: dez mil setecentos cincuenta e oito euros (10.758,00 €).
Que o número total de axudas con proposta de concesión para o curso 2017/2018 ascenden a 24 solicitudes (31 menores).

Contía total do programa das axudas de comedor escolar 2017/2018: dezasete mil cento noventa e cinco euros con dezasete céntimos (17.195,17 €, correspondendo:

- Meses de setembro a novembro de 2017: cinco mil cincocentos noventa e nove euros con noventa e seis céntimos (5.599,96 €).
- Meses de decembro 2017 a xuño de 2018: once mil cincocentos noventa e cinco euros con vinte e un céntimos (11.595,21 €).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850